**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DESTE CONCELLO O DÍA TRINTA DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZ.**

**NÚM. 09/2010**

| | |
|---|---|
| **SRES/RAS ASISTENTES**<br><br>**ALCALDE-PRESIDENTE**<br>D. José María García Rivera.<br><br>**CONCELLEIROS**<br>Dª. Rosa Alonso Rodríguez<br>Dª Ana A. Incera Ares<br>D. Pedro M. Fernández Marful<br>D. Ramón Sixto Legaspi<br><br>**INTERVENTOR**<br>D. Luis Ramón Vázquez Parga<br><br>**SECRETARIA**<br>D. Mª Carmen Seoane Bouzas. | Na Alcaldía da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:00 horas do día trinta de setembro de 2010, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, Dª Mª del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos da Xunta de Goberno Local, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día. |

**1.– APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29-07-10.-**

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes da Xunta de Goberno Local se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o día 29 de xullo de 2010.

Non producíndose mais observacións, queda aprobada por unanimidade a acta da devandita sesión, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**2.-COMUNICACIÓN DAS AVOCACIÓNS REALIZADAS.-**

**Pola Presidencia dáse conta das avocacións realizadas das competencias delegadas en Xunta de Goberno Local por Resolución de Alcaldía de data 18 de xuño de 2007:**

-Decreto de Avocación de competencias de data 14 de setembro de 2010 para a resolución da concesión de licenza a Dª. María Eva Yáñez Fernández.

-Decreto de Avocación de competencias de data 06 de setembro de 2010 para a resolución da concesión de licenza a D. Ramón Alberto Otero Gómez, CONSTRUCCIONES EIJO REGO, S.L.; D. Vicente Rodríguez Rodríguez e irmáns; D. Florentino Vázquez García e D. Francisco Javier Martínez Mecía.

-Decreto de Avocación de competencias de data 05 de agosto de 2010 para a resolución da concesión de licenza a D. Ramón López Suárez e D. Santiago Martínez Río.

-Decreto de Avocación de competencias de data de 10 de setembro de 2010 pola que se aprobaron e recoñeceron as obrigas fronte ao Concello de Foz correspondentes a facturas recollidas na seguinte táboa de obras incluídas no FONDO PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL:

| NUMERO | DATA | TERCEIRO | CONCEPTO | IMPORTE | PARTIDA |
|---|---|---|---|---|---|
| 004/2010 | 19/08/2010 | RAIMUNDO GÓMEZ AMIEIRO | CERTIFICACIÓN Nº 4 2ª FASE DO SANEAMENTO INTEGRAL DO BARRIO DE VILATUXE | 20.396,22 € | 441.62308 |
| FR1000166 | 10/07/2010 | SANTOS HECTOR SL | CERTIFICACIÓN Nº 1 SUBMINISTRACIÓN DE REEMISORES PARA RECEPCIÓN TDT E PANEL INFORMATIVO | 76.726,55 € | 521.62309 |
| PE/10/10 | 27/08/2010 | OBRAS CIVÍS DA MARIÑA | CERTIFICACIÓN Nº 5 REXENERACIÓN MEDIOAMBIENTAL E SENDA PEONIL DO RÍO CENTIÑO | 3.024,03 € | 445.60113 |
| PE/9/10 | 27/08/2010 | OBRAS CIVÍS DA MARIÑA | CERTIFICACIÓN Nº 5 POSTA EN VALOR MEDIOAMBIENTAL DA MARXE COSTEIRA, REDE NATURA | 4.443,15 € | 445.60112 |

**3.-APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE FOZ.-**

Dáse conta do escrito que eleva XESTIÓN URBANÍSTICA DE LUGO, S.A.-XESTUR-, con enderezo en Pza. Santo Domingo, 6-5º- 27080-Lugo, de data 11 de maio de 2009, no que propoñen unha segunda modificación puntual do Plan Parcial do Parque Empresarial de Foz, no Polígono 01, na zona correspondente á parcela 1.5 calificada como industrial illada, dando continuidade á zona verde ZV4 do Polígono 02.

Segundo a modificación proposta, a parcela 1.5 de 13.059 m2 subdividese en dúas, unha de 9.428 m2 cara o fronte, que se mantén como industrial illada, e unha franxa no fondo, colindante co límite do ámbito, de 3.631 m2 que pasa a zona verde.

Os motivos da modificación son os seguintes:

1.-Mellora substancialmente a ordenación dando continuidade á banda perimetral verde no fondo do Polígono 01.

2.-Facer as parcelas do fondo do Polígono 01 máis axeitadas para a construcción das naves, tendo en conta a topografía.

3.-Non hai variación na superficie das dotacións do Parque Empresarial establecidas no Plan Parcial vixente, nin tampouco se incrementa a ocupación e edificabilidade establecidas no mesmo.

Adxunta plano no que se reflicte a Proposta de Modificación.

Dáse conta do modificado nº 2 do Plan Parcial Parque Empresarial de Foz, realizado polo Arquitecto Municipal, D. Antonio Vizoso Hermida, en data xuño de 2010, sen visar.

Dáse conta a continuación do informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 02 de agosto de 2010, que dí:

*1º.-Que a proposta de modificación puntual nº 2 do Plan Parcial Parque Empresarial de Foz foi eleborada polo Concello de Foza  solicitude de XESTUR LUGO.*

*2º.-Que a modificación cumpre as determinacións da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 2/2010, de 25 de marzo.*

Dáse conta támen do informe xurídico de Secretaría de data 31 de agosto de 2010, obrante no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, por unanimidade, ACORDA:

Aprobar inicialmente a modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial de Foz, nas condicións anteriormente reflectidas, e proceder á apertura do trámite de información pública mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous xornais de maior difusión da provincia, por un prazo de 1 mes.

**4.-AXUDA EMERXENCIA SOCIAL.-**

Dáse conta da Proposta de Alcaldía de data 21 de setembro de 2010.

Vistos os informes emitidos polo Traballador Social Municipal de data 22 de setembro de 2009, e Interventor Municipal de datas 10 de maio de 2010 e 21 de setembro de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, opr unanimidade, ACORDA:

**Primeiro. –** Estimar a solicitude e por tanto conceder unha axuda de emerxencia social a Dona Gema Cristina Álvarez García ao cumprir as esixencias marcadas nas BASES

REGULADORAS DA CONCESIÓN DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE FOZ, por un importe de 170,00 euros para material escolar dos seus fillos

**Segundo. –**Establecer as obrigas de xustificación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 7 das Bases das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Foz e na Base 46 do Orzamento prorrogado da Corporación para o exercicio 2010 no que sexa aplicable.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo ao beneficiario das axudas así como a Intervención e a Tesourería municipal para proceder ao aboamento destas.

**5.-APROBACIÓN FACTURAS CORRESPONDENTES A GASTOS DE MÁIS DE 6.000 EUROS.-**

Pola Presidencia dáse conta das facturas correspondentes a gastos de máis de 6.000 euros que obran no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución dictada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das bases do Réxime Local, por unanimidade, A C O R D A:

Aprobar as seguintes facturas que se relacionan cos informes de Intervención de data 30/09/2010 sobre as mesmas:

| **Código Relación:** 39 | **Descripción:** FACTURAS A APROBAR XUNTA GOBERNO LOCAL 30/09/2010 |
|---|---|

| Reg | Fec. Reg. | Nº Factura | Fec. Fac. | Dni/Cif | Razón Social | Área | Importe | I.V.A | Dctos. | VB |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 921 | 13/04/2010 | 149-10 | 31/03/2010 | B27166545 | CELTA PRIX,S.L. | 44 | 6.090,00 | 0,00 | 0,00 | |

**Concepto:** CELTA PRIX, S.L. SUMINISTRO DE 30 CONTENEDORES VER DES DE 800L — **Operación :** ADO — **Imp. Líquido:** 6.090,00

**Domiciliación bancaria :** 3070 0029 35 6010838024

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 442 | 22612 | CONTENEDORES, PAPELERAS Y OTRO MATERIAL | 6.090,00 |

| Reg | Fec. Reg. | Nº Factura | Fec. Fac. | Dni/Cif | Razón Social | Área | Importe | I.V.A | Dctos. | VB |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1208 | 20/05/2010 | 2010/999 | 30/04/2010 | B80183916 | COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. | 43 | 11.560,79 | 0,00 | 0,00 | |

**Concepto:** COMFICA, ABRIL 2010. MANTENIMIENTO Y CONSERVACION DEL ALUMBRADO PUBLICO — **Operación :** ADO — **Imp. Líquido:** 11.560,79

**Domiciliación bancaria :** BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 5508 23 0109502245

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 432 | 213 | REP. MAQUINARIA, INSTALACIONES Y UTILLAJE | 11.560,79 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1568 | 09/07/2010 | 20100996 | 30/06/2010 | B27286236 | INFOTEC MARIÑA, S.L. | 12 | 29.999,92 | 0,00 | 0,00 |

**Concepto:** INFOTEC MARIÑA, DESENVOLVIMIENTO DE LOS ESPACIOS W EB PARA LA PARTICIPACION CIUDADANA **Operación :** ADO **Imp. Líquido:** 29.999,92
**Domiciliación bancaria :** CAJA AHORROS Y PENSIONES DE BA JUAN S. E 2100 4777 19 0200019225

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 121 | 62602 | ADECUACION DE WEB MUNICIPAL A LEI 11/2007 | 29.999,92 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1611 | 14/07/2010 | 2010/1712 | 30/06/2010 | B80183916 | COMFICA SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. | 43 | 10.454,69 | 0,00 | 0,00 |

**Concepto:** COMFICA, MANTENIMIETNO Y CONSERVACION ALUMBRADO PU BLICO JUNIO 2010 **Operación :** ADO **Imp. Líquido:** 10.454,69
**Domiciliación bancaria :** BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA 0182 5508 23 0109502245

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 432 | 213 | REP. MAQUINARIA, INSTALACIONES Y UTILLAJE | 10.454,69 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1653 | 02/09/2010 | 2010/1715 | 30/06/2010 | A15379803 | SOGAMA,S.A. | 44 | 19.634,41 | 0,00 | 0,00 |

**Concepto:** SOGAMA, 356,24 TM. JUNIO 2010. TRATAMIENTO RSU **Operación :** ADO **Imp. Líquido:** 19.634,41
**Domiciliación bancaria :** CAIXA GALICIA 2091 0388 96 3040000495

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 442 | 22711 | TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS. BASURERO | 19.634,41 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1730 | 03/09/2010 | 2010/2508 | 31/07/2010 | A15379803 | SOGAMA,S.A. | 44 | 27.302,49 | 0,00 | 0,00 |

**Concepto:** SOGAMA, JULIO 2010. TRATAMIENTO DE 490,78 TM. DE R ESIDUOS SOLIDOS URBANOS **Operación :** ADO **Imp. Líquido:** 27.302,49
**Domiciliación bancaria :** CAIXA GALICIA 2091 0388 96 3040000495

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 442 | 22711 | TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS. BASURERO | 27.302,49 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1848 | 10/09/2010 | 2010/119 | 31/07/2010 | A78139755 | GESTION Y TECNICAS DEL AGUA -GESTAGUA- | 44 | 34.071,65 | 0,00 | 0,00 |

**Concepto:** GESTAGUA, JULIO 2010. PRESTACION DEL SERVICIO DE D EPURACION **Operación :** ADO **Imp. Líquido:** 34.071,65
**Domiciliación bancaria :** BANESTO 0030 1542 51 0000558271

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 441 | 22718 | XESTION DO SERVICIO DEPURACION AUGAS. GESTAGUA | 34.071,65 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1926 | 14/09/2010 | A10-1122 | 31/08/2010 | B27357391 | I.G. 10 SPORTS, S.L. | 45 | 11.545,20 | 0,00 | 0,00 |

**Concepto:** I.G. 10 SPORTS, S.L., ACTIVIDADES DAS NOITES ALTER NATIVAS. JULIO Y AGOSTO 2010 **Operación :** ADO **Imp. Líquido:** 11.545,20

**Domiciliación bancaria :** CAIXA GALICIA 2091 0119 55 3040020680

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 454 | 22608 | GASTOS DIVERSOS | 11.545,20 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1934 | 14/09/2010 | 2279 | 06/09/2010 | A78139755 | GESTION Y TECNICAS DEL AGUA - GESTAGUA- | 44 | 48.444,88 | 0,00 | 0,00 |

**Concepto:** GESTAGUA, CERT. Nº 1 CAPTACION AGUA POTABLE FUENTE S ANTIGUAS FRAGA VELLA, 1ª FASE. **Operación :** O **Imp. Líquido:** 48.444,88

**Domiciliación bancaria :** BANESTO 0030 1542 51 0000558271

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 441 | 60111 | CAPTACIÓN AUGAS POTABLES FRAGA VELLA/ VIVENDAS LA | 48.444,88 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1958 | 15/09/2010 | 2010/2940 | 31/08/2010 | A15379803 | SOGAMA,S.A. | 44 | 32.026,09 | 0,00 | 0,00 |

**Concepto:** SOGAMA, 575,69 TM AGOSTO 2010. TRATAMIENTO RSU EN LA MINIPLANTA DE BARREIROS **Operación :** ADO **Imp. Líquido:** 32.026,09

**Domiciliación bancaria :** CAIXA GALICIA 2091 0388 96 3040000495

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 442 | 22711 | TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS. BASURERO | 32.026,09 |

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2071 | 27/09/2010 | 5/2010 | 24/09/2010 | 33840428E | GOMEZ AMIEIRO, RAIMUNDO | 44 | 21.350,62 | 0,00 | 0,00 |

**Concepto:** RAIMUNDO GOMEZ AMIEIRO, CERT. Nº 5 2ª FASE SANMTO. BARRIO VILATUIXE EN STA. CECICILIA **Operación :** O **Imp. Líquido:** 21.350,62

**Domiciliación bancaria :** BANCO GALLEGO 0046 0264 70 0000501577

**Partidas Presupuetarias**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 441 | 62308 | 2ª FASE SANEAMENTO INTEGRAL VILATUIXE | 21.350,62 |

| Total Relación… | Imp. Presupuesto: | I.V.A: | Dctos: | Imp. Líquido: |
|---|---|---|---|---|
| | 252.480,74 | 0,00 | 0,00 | 252.480,74 |

**6.-APROBACIÓN DE CONTAS XUSTIFICATIVAS DE PAGOS A XUSTIFICAR CONCEDIDOS A ALCALDÍA.-**

Dáse conta das Propostas de Alcaldía.

**6.1. Aprobación conta xustificativa grupo Mareira.**

**Vista** a conta xustificativa presentada polo Alcalde da Corporación con relación a unha Orde de pagamento a xustificar por un importe de 2.700,00 euros con motivo de facer fronte ao aboamento de gastos derivados da actuación do grupo MAREIRA o día 17 de xullo de 2010.

**Visto** o informe emitido polo Interventor municipal de data 21 de setembro de 2010 sobre dita conta xustificativa.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, por unanimidade, ACORDA:

**Primeiro. –** Aprobar a conta xustificativa por importe de 1.829,00 euros presentada polo Alcalde da Corporación en relación coa Orde de pagamento a xustificar con motivo de facer fronte ao aboamento de gastos derivados da actuación do grupo MAREIRA o día 17 de xullo de 2010, que consiste en

- Factura A111 de 17/07/2010 emitida por XOGLAR MÚSICA S.L. con CIF B 15879265 por un importe de 1.180,00 euros relativa a "PRESTACIÓN DE SERVICIOS DE SONIDO E ILUMINACIÓN PARA EL FESTIVAL MAREIRA FEST EL DÍA 17 DE JULIO DE 2010 EN FOZ".

- Factura A06 de 11/07/2010 emitida por ALBERTO MUSIC FACTORY IMPORT S.L. con CIF B 33936113 por un importe de 649,00 euros relativa a "ALQUILER PARA EL MAREIRA FEST., BATERÍA, AMPLIFICACION BAJO, AMPLIFICACION GUITARRA".

**Segundo. –** Dar por cumprida a obriga marcada para os perceptores destas ordes de pagamento de xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses dende a percepción dos correspondentes fondos.

**Terceiro.-** Comuníquese a Intervención e a Tesourería.

**6.2. Aprobación conta xustificativa gastos derivados da visita dos veciños da vila de Santurce.**

**Vista** a conta xustificativa presentada por Don José María García Rivera como Alcalde do Concello de Foz en relación coa orde de pagamento a xustificar por un importe de 500,00 euros para gastos derivados da visita dos veciños da vila de Santurce .

**Visto** o informe con reparos en relación con algún dos documentos xustificativos emitido polo Interventor municipal de data 21 de setembro de 2010 sobre dita conta xustificativa.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do

Réxime Local, por unanimidade, ACORDA:

**Primeiro. –** Aprobar a conta xustificativa por un importe de 408,47 euros presentada por Don José María García Rivera, Alcalde- Presidente do Concello de Foz,da Orde de pagamento a xustificar con destino ao aboamento de gastos derivados da visita dos veciños da vila de Santurce, consistente nas seguintes facturas que se recollen no expediente:

1. Factura de data 25/05/2010 expedida pola COMERCIAL CASA BROZ con NIF 33.317.468 J por un importe de 194,98 euros en concepto de “1 TAZÓN, 3 QUESOS, 40 ARENQUES, 3 PEZAS PAN”.

2. Ticket con número 001-088508 e data 30/05/2010 expedida por TESO TERRÓN SLU con NIF B27386465 por un importe de 83,00 euros en concepto de “COSTEIRA, RIOJA, CERVEXA, REFRESCO, AMBIGU, VERMÚ”

3. Factura con número 89/10 e data 26/05/2010 expedida por FRANCISCO XOSÉ FERNÁNDEZ MARTÍNEZ con NIF 33858652F por un importe de 58,24 euros en concepto de “80 BARRAS DE PAN”

4. Factura con número FT277 21 e data 25/05/2010 expedida por TOJEIRO ALIMENTACIÓNSA SL con NIF A15027832 por un importe de 72,25 euros en concepto de “VINOS DEL BIERZO BAG IN BOX GARRAFA 15 LITROS”

**Segundo. –** Dar por cumprida a obriga marcada para os perceptores destas ordes de pagamento de xustificar a aplicación das cantidades percibidas no prazo máximo de tres meses dende a percepción dos correspondentes fondos.

**Terceiro.-** Solventar por tanto os reparos efectuados e dar traslado desta resolución á Intervención aos efectos do establecido no artigo 217 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo

**Cuarto.-** comuníquese a Tesourería municipal.

**7.-APROBACIÓN GASTOS PRIMER SEMESTRE AULA UNED DE FOZ.-**

Dáse conta da Proposta de Alcaldía.

**Vistos** os certificados expedidos por Dona Ana belén Traseira Pena, Secretaria Xeral do Centro asociado da UNED en Lugo de data 3 de xuño de 2010, correspondentes aos importes a aboar en concepto de gastos da Aula da UNED de Foz de xaneiro a xuño de 2010, por importe de 15.775,73 euros.

**Visto** o establecido no convenio coa UNED asinado o 23 de marzo de 2006, e a acta de adscrición da aula universitaria da UNED en Foz ao Centro Asociado da UNED en Lugo de data 26 de marzo de 2009.

**Vista** a existencia de crédito axeitado e suficiente na partida 422.489 do Estado de Gastos do Orzamento xeral prorrogado para o exercicio 2010.

CONCELLO DE FOZ (LUGO)
Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)
Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía en Resolución ditada con data 18 de xuño de 2007, en base á habilitación legal contida no artigo 21.3 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, por unanimidade, ACORDA:

**Primeiro.-** Aprobar e recoñecer as obrigas polos importes recollidos nas certificacións emitidas pola Secretaría Xeral do Centro Asociado da UNED en Lugo de data 3 de xuño de 2010 a favor do devandito Centro, por importe total de 15.775,73 euros, imputando ditos gastos á partida 422.489 do Orzamento Xeral prorrogado para o exercicio 2010

**Segundo.-** Notificar o presente acordo ao interesado e dar conta do mesmo a Tesourería e Intervención municipais para facer efectivo o seu pagamento coa maior brevidade posible.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 20.25 horas do día 30 de setembro de 2010, do que como secretaria dou fe e certifico.-

Vº Bº
O Alcalde,

José María García Rivera.